

INFO-GUÍA VISITAS ESCOLARES

Exposición

'VERANEANTES'

11 outubro 2013 – 30 marzo 2014

'AQUÍ E AGORA'

Un programa educativo para escolares

Ciclo: educación PRIMARIA (de 7 a 12 anos)

Grazas por seleccionar o MARCO para esta visita escolar. Este avance é unha introdución ás actividades (visita + obradoiro) deseñadas polo departamento educativo para a exposición titulada VERANEANTES, que ocupa as salas da planta baixa dende o 11 de outubro de 2013 ata o 30 de marzo de 2014.

O título da exposición VERANEANTES remítenos á peza teatral de Máximo Gorki estreada en 1904 onde a través dunha serie de persoaxes reunidos en torno a unha discusión, mostrábase a capacidade do ser humano para transformar o mundo que o rodea. A exposición reúne un conxunto de obras en múltiples formatos e soportes distribuídas por todos os espazos da planta baixa do MARCO, incluíndo intervencións específicas en zonas de tránsito de visitantes no interior e exterior do edificio, e tamén outros ámbitos de actuación como a propia web do Museo ou o menú do MARCO restaurante&café.

'AQUÍ E AGORA' é o nome xenérico do programa educativo que se desenvolve en paralelo a esta mostra, sacando partido do contacto directo coas obras en salas, e das múltiples posibilidades educativas que ofrece esta exposición. Todas as actividades están especialmente adaptadas ás idades dos participantes, con propostas diferenciadas para os grupos de infantil, primaria e secundaria/bacharelato.

A **visita e obradoiro de Primaria** ten unha duración aproximada de **1 hora e 15 minutos**. Para o seu mellor aproveitamento, o persoal educador organiza os participantes de cada centro en grupos de **25 alumnos/as**. É necesario que os adultos que acompañan ao grupo permanezan con eles en todo momento. Non está permitido comer e beber no museo, exceptuando a zona de cafetería. Se o teu grupo ten algunha necesidade especial, ou prefires adaptar a visita na súa duración ou contidos, non dubides en comunicalo con antelación ao noso departamento educativo.

Temos seleccionadas algunhas obras e preparado unha **visita á exposición**, deseñada para sacar o máximo partido ás posibilidades didácticas que ofrece para o alumnado de educación primaria. O percorrido comprende distintas paradas, que poden variar lixeiramente en función do tempo dispoñible e das necesidades de cada grupo. A visita concíbese como un diálogo ou conversación, e fronte a cada obra vanse formulando **preguntas** para que sexan os participantes quen vaian extraendo as súa propias conclusións sobre o que están percibindo.

A visita complétase cun **obradoiro no 'Laboratorio das Artes'** —o espazo de didáctica no primeiro andar—, que resume algunhas claves do noso percorrido por salas.

A VISITA Á EXPOSICIÓN


Resumo guión visita primaria

Nota: esta guía é orientativa. Os contidos específicos e a orde das paradas poden variar en función do tempo dispoñible, do número de participantes, das necesidades de cada grupo e do propio desenvolvemento da visita.

Parada 1: Vestíbulo

A través dalgúñas preguntas introdutorias conversamos abertamente sobre o que esperan atopar nesta visita: que significa MARCO?; que tipo de obras hai aquí?; que é unha exposición?

Columnas (Composición II), 2013, é unha obra realizada especificamente para o vestíbulo do MARCO, un lugar habitual no tránsito de visitantes. Nun primeiro golpe de vista, o espazo aparece cheo de columnas, pero pouco despois a súa percepción como elemento arquitectónico substitúese pola de teas pintadas, e as connotacións pictóricas eliminan, dalgún xeito, a idea de columna e a súa función estrutural. Ademais, nunha continuidade de estímulo-resposta, a presenza do espectador fai que as teas, penduradas do teito, se movan lixeiramente ao pasar ao seu carón.



Mar Vicente. *Columnas (Composición II)*, 2013

Atopámonos cunha obra colocada intencionadamente no vestíbulo (un lugar non habitual de exhibición) que nos permite falar da percepción visual e tamén da interacción do público coa obra.

- De que material está feita?
- Con que asocias a súa forma?
- Pensas que é unha pintura?
- Que acontece cando nos achegamos a ela?

En grupo, facemos xogos en torno ás columnas, e observamos o que ocorre.

Conceptos clave: museo, contemporáneo, observación, percepción visual, interacción.

A seguinte parada será o punto de partida para falar da exposición que nos ocupa, unha mostra colectiva de artistas vinculados con Galicia denominada 'Veraneantes'. O título fai alusión a unha peza teatral na que un grupo de persoas se reunía en torno a un lugar para falar do mundo no que vivían e da súa capacidade para transformalo. Tamén os artistas desta exposición achégannos os seus pensamentos e ideas con pezas que nos serven para formular preguntas...

Parada 2: Rotonda central / Panóptico

A *Columna sen fin* de Diego Vites é unha revisión e actualización da columna de Brancusi de 1938, un monumento-homenaxe aos caídos na primeira guerra mundial e que baseaba as súas formas na repetición de piares funerarios estilizados. A baixante de entullos, con toda a súa potencia estética e simbólica, é utilizada neste caso para levantar unha columna infinita, un monumento funerario á nosa época.

Aí vai! Outra columna!

O panóptico é o lugar central do museo, onde atopamos unha obra que destaca pola súa altura e verticalidade.

Que máis podemos observar?

- De que material esta feita?
- Canto medirá? Como podemos sabelo?
- Con que asociamos a súa cor?
- Para que servirán as cadeas?

Pensamos na súa forma, na súa posible utilidade e falamos do que quere transmitir o seu autor.



Diego Vites. *Columna sen fin*, 2013

Conceptos clave: **montaxe, altura, medición, monumento, símbolo**

Parada 3: entrada Galería A1

Concetto spaziale (2013) é unha revisión e actualización da obra de Lucio Fontana. O xesto de cortar, repetido insistentemente sobre un bloque de espuma de poliuretano, abre unha vía de escape: o mesmo xesto repetitivo que utiliza o preso na súa fuga. Artista e preso comparten xesto e fugas na antiga prisión que foi o MARCO, nunha peza minimalista, branda e absurda. Escultura, acción e pintura mestúranse neste caso para inserir un espazo real dentro da propia obra.

Na entrada da Galería 1 detémonos a certa distancia doutra obra de Diego Vites. Falamos do que percibimos dende a nosa posición para despois aproximarnos e descubrir máis aspectos da obra.

Ademais das características específicas do material interésanos o traballo do artista e o proceso creativo. Trátase dunha acción realizada durante a inauguración, onde o artista trataba de "escapar" atravesando o bloque de espuma utilizando unicamente un pequeno obxecto punzante...



Diego Vites. *Concetto spaziale*, 2013

Conceptos clave: **acción artística, resistencia, sinestesia.**

Parada 4. Galería A1 /perimetral

Carlos Álvarez Gil explora o mundo da infancia e traballa a través do imaxinario infantil para falar da violencia, o poder ou a desigualdade dende un punto crítico e irónico. *Papá, de mayor quiero ser policía!* é unha instalación formada por xoguetes que, iluminados mediante un foco, proxectan unha silueta de temática agresiva sobre a parede da sala. O interesante non está só no uso dun obxecto infantil para tratar o tema da violencia, senón tamén na propia idea de xogo, implícita no proceso de montaxe das pezas. Un xogo aparentemente casual pero moi elaborado e planificado.

Carlos Álvarez Gil sorpréndenos cunha obra que traballamos en dous niveis de percepción. Primeiro fixámonos nesa escultura feita de xoguetes, e observamos os elementos que a compoñen. Cando proxectamos a luz, descubrimos que os obxectos son o pretexto para a creación dunha imaxe-sombra. Esta instalación permítenos falar da idea de xogo e xoguete, e invítanos a reflexionar sobre os valores que se desenvolven a través da súa práctica, baixo unha aparente inocencia.



Carlos Álvarez Gil. *Papá, de mayor quiero ser policía!*, 2013

Conceptos clave: xogo, sombra, aparencia, ilusión, percepción.

Parada 5. Patio A2

A instalación do colectivo Montenoso www.montenoso.net agrupa diferentes series de obxectos en torno ao concepto de propiedade colectiva dun monte: o "mancomún". A través dos elementos que compoñen a instalación falamos dos montes e bosques galegos e da importancia do coidado e respecto á natureza, e facemos un xogo a partir do crebacabezas instalado na parede, que nos serve para exercitar a toma de decisións en grupo.

Identificamos os elementos que conforman a instalación e os relacionamos con conceptos e ideas:

- Obxectos da vitrina = o coidado e respecto á natureza
- Palés = a vida e o traballo no campo
- Equipos informáticos e tecnolóxicos = investigación e documentación
- Xogo-exercicio crebacabezas = a noción do mancomún.



montenoso. *Xeografía do mancomún*, 2013

Conceptos clave: ecoloxía, monte, natureza, traballo en equipo, mancomún.

Parada 6. Galería A2

Xeometría de ecos (2013) é un proxecto non narrativo que, mediante a paisaxe, reflexiona sobre a representación do baleiro no espazo, simbolizado pola cor branca. Paisaxes baleiradas como alegoría do engano sensorial e metáfora de fragilidade. Estudo dos límites da materia; o ausente, o invisible, o inintelixible, o misterio... O significado radica na toma de conciencia entre ausencia e presenza. Ademais, preséntase unha contradición xa que a luz, que é o que posibilita a revelación das cousas, é o branco; pero aquí créase un xogo entre o lexible, que non é a luz (o branco) senón as partes con cor; e o ilexible, o que non consegue revelar o espectador; a parte baleira, a non-forma.



Carla Andrade. *Xeometría de ecos* (detalle), 2013

- Hai algunha pintura entre elas?
- Que outra técnica utiliza a artista?

Cando nos aproximamos, descubrimos máis detalles que quizais pasaron desapercibidos nunha primeira ollada.

A proposta de Olmo Blanco forma parte da serie de traballos que con certa dose de humor chamou *instalodecoración*. Trátase dun proxecto específico para o MARCO, que o artista desenvolveu no propio espazo, utilizando como única ferramenta un punzón. As incisións realizadas no muro —nun chiscadelo ao pasado do edificio como cárcere— dan como resultado unha obra case invisible ou imperceptible á primeira vista, pero á vez de grandes dimensións e con certo grao de violencia.

Na parede oposta, Olmo Blanco leva aínda máis ao límite a nosa percepción visual creando unha obra casi invisible, que de novo imos descubrindo a medida que nos achegamos a ela.

- Como está realizada?
- A que pensas que pode facer referencia?
- Por que deixaría o po branco no chan?




Olmo Blanco. *Sen título* (detalle), 2013

Conceptos clave: paisaxe, técnica, fotografía, percepción visual, ausencia/presenza, baleiro/cheo, visible/invisible

Parada 7. Galería A3

Gezellig é unha obra composta por trescentas oitenta palabras en holandés e un audio. A relación entre as palabras escritas pola artista, as escritas por dúas persoas próximas ao seu contexto, e un son completamente alleo e impersoal, xera tres niveis de presentación na peza: a relación inconsciente con sons do noso imaxinario, relacionados por exemplo coa "gheada" galega. A completa distorsión e distanciamento do propio contexto e idioma cun audio que perde o persoal da escritura a man. A repetición como parte fundamental no proceso de aprendizaxe e entendemento lingüístico.




Marta Peleteiro. *Gezellig*, 2013

- Que vemos aquí?
- Recoñecemos a lingua?
- Semella algún idioma coñecido?
- Que idiomas podemos falar?
- Que linguas nos gustaría estudar?
- Cantos idiomas se falan no mundo?
- É interesante aprender outras linguas?

A obra de Marta Peleteiro fala da linguaxe verbal, unha capacidade innata e exclusiva dos seres humanos que ten como base a palabra. Nesta obra atopamos palabras descoñecidas para nós, xa que non forman parte da nosa lingua. Aínda que recoñecemos vogais e consonantes non poderíamos comunicarnos porque descoñecemos os códigos desta lingua e por tanto o significado das palabras.

- Probamos a pronunciar algunhas das palabras (seleccionadas de menor a maior dificultade), mentres observamos como a medida que avanzamos no xogo, a pronunciación faise cada vez máis difícil.
- No seguinte xogo, a través de tarxetas con palabras en galego, tratamos de comprobar cantas palabras sabemos na nosa propia lingua.




Marta Peleteiro. *Gezellig* (detalle), 2013

Unha vez recoñecidas as palabras agrúpámolas en función do seu significado, creando grupos temáticos: natureza, obxectos, acción... e outros que decidan formar os propios participantes.

Conceptos clave: palabras, xogos de palabras, linguaxe, lingua, comunicación

Parada 8. Galería A3

As esculturas de Kiko Pérez continúan unha serie de pezas talladas en madeira que empezou en 2012. Estes obxectos de formas orgánicas dan conta dunha serie de posturas ou xestos, na súa maioría accións pasivas, casuais pero cotiás. Os obxectos resultantes cosifican os baleiros deixados polo corpo.



Kiko Pérez. *Sen título*, 2012-2013

As esculturas de madeira de Kiko Pérez son o punto de partida para falar de xestos e expresións, e tamén de actividades e posturas cotiás.

- Que é o que vemos?
- Recoñecemos algunha forma?
- Teñen algún significado?

Xestos e figuras semellan xurdir da madeira, modelados polas mans do artista. Reflexionamos sobre o material e describímolo.

- Que material é?
- Que características ten?
- Cal é o seu uso máis común?

Despois de examinar con máis coidado as obras descubrimos que estas formas corresponden aos baleiros deixados polo corpo. Son as pegadas de actitudes, posturas e expresións cotiás: dúas mans entrelazadas, unha aperta, unha posición do corpo...

A continuación convertémonos en creadores de xestos e expresións tratando de adiviñar as propostas dos nosos compañeiros a través dunha divertida actividade de expresión xestual.

Conceptos clave: expresión xestual, escultura, movemento, material, sentido do tacto, comunicación non verbal.


Parada 9. Galería A3

A orixe do proxecto *Teresa de Villar para a transmisión de coñecemento culinario*, de Enrique Lista, é o seu interese polas técnicas e costumes culinarios da súa avoa, así como o relato que fai das mesmas ou os recursos que emprega para rexistralas. A formalización deste proxecto ten tres ámbitos de actuación: a exposición en sala, o restaurante do museo, e a súa páxina web. Algunhas das receitas de Teresa de Villar incorpóranse á oferta do restaurante do MARCO e tres delas están presentes no espazo expositivo, transcritas da forma máis fiel posible á linguaxe gráfica da exposición. Estas accións están acompañadas de diverso material documental, parte do cal está presente en salas, mentres que a parte restante pode consultarse online na web www.marcovigo.com.

Enrique Lista presenta un dos proxectos máis orixinais da exposición xa que traslada os coñecementos culinarios da súa avoa ao Museo, outorgándolles deste xeito unha nova perspectiva.

A lectura das receitas escritas na parede nos da pé para reflexionar sobre os límites da creación artística. Neste caso vemos reflectido o traballo de investigación dun artista sobre a memoria familiar e persoal. Unha obra para "comer" que nos invita a saír da práctica habitual.

- Que opinas desta obra?
- En que consiste aquí o traballo do artista?
- Pensas que a cociña pode ser unha arte?
- Que receitas coñeces?
- Que ingredientes identificas nestas receitas?
- Onde escribe a avoa as súas receitas?



Conceptos clave: cociña, receita, memoria, contexto.



Enrique Lista. Proxecto *Teresa de Villar para a transmisión de coñecemento culinario*, 2013

O OBRADOIRO NO LABORATORIO DAS ARTES

'Pratos combinados'

O traballo coa obra *Proxecto Teresa de Villar para a transmisión do coñecemento culinario* non remata na sala de exposición, senón que continúa no Laboratorio das Artes, onde os participantes son invitados a "cociñar" o seu prato favorito. Tratarán de escribir o proceso de realización, a receita, para despois darlle forma por medio de diferentes materiais, que poden elaborar ou recoller nun improvisado mercado de refugallos. Unha vez teñan os ingredientes necesarios os combinarán nun prato para a súa explicación e exposición final.



SUXESTIÓNS

Gustaríanos que sentises este museo como teu e compartir contigo os recursos para contribuír á mellora da educación artística. Se tes algunha idea para desenvolver programas ou actividades educativas relacionadas coa arte e a cultura contemporánea e queres colaborar co MARCO, ponte en contacto connosco.

Agradeceríamos que nos fixeses chegar os resultados das vosas actividades ou proxectos, así como calquera outra información relacionada con esta experiencia: que che parece o enfoque do noso programa educativo? cal é a túa opinión profesional? tes algunha suxestión?

Podes facernos chegar os teus comentarios **persoalmente**, por **correo postal**, a través do **teléfono**, **correo electrónico**, ou da web www.marcovigo.com, á atención de:

Marta Viana Tomé
Pilar Souto Soto
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Departamento de Comunicación e Didáctica
Príncipe 54
36202 Vigo
Tel. +34 986 113900
Fax +34 986 113901
marta.viana@marcovigo.com
pilar.souto@marcovigo.com
www.marcovigo.com